

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

que, a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de formalizar os convenios arriba referidos por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2021 coas seguintes entidades locais :

Padroado da Cultura do concello de Narón, Instituto Municipal Coruña Espectáculos (Teatro Rosalía e Fórum Metropolitano), Concello de Pontevedra, Concello de Vigo, Concello de Carballo, Auditorio de Galicia, Concello de Ourense, Deputación Provincial de Ourense, Concello de Ames, Concello de Muros, Concello de Tui, Concello de O Barco de Valdeorras, Concello de Oleiros, Concello de Ferrol, Concello de O Carballiño, Concello de Ribadeo, Concello de Viveiro, Concello de Arteixo, Concello de Vilagarcía, Concello de As Pontes de García Rodríguez, Concello de Gondomar, Concello de Foz, Concello de Betanzos, Concello de A Estrada, Concello de Cedeira, Concello de Boiro, Concello de Monforte de Lemos, Concello de Ortigueira, Concello de A Rúa, Concello de Cee, Concello de Cambados, Concello de Redondela, Concello de Noia, Concello de Sada, Concello de Burela, Concello de Cangas, Concello de Vimianzo, Concello de Lugo, Concello de Ponteareas, Concello de Tomiño.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver nos espazos escénicos de cada localidade e nas condicións especificadas no convenio.”

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

“Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

